



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa



XACOBEO 2010
Galicia

FPPlus – FP Idea

BASES DA CONVOCATORIA FP IDEA 2010

Premios



Índice

1. Introducción.	3
2. Obxecto.	3
3. Beneficiarios/as.	4
4. Financiamento orzamentario	4
5. Solicitudes	4
6. Instrucción e tramitación do procedemento.	5
7. Obrigas dos participantes e beneficiarios	7
8. Réxime xurídico	7
9. Disposicións adicionais.	7



1. Introducción.

FP Idea é unha actuación dentro de FP Plus que consiste nun concurso dirixido aos centros de formación profesional, que pretende:

- Potenciar a realización de proxectos empresariais.
- Impulsar o desenvolvemento de novas ideas entre o alumnado.

Deste xeito, procedese á convocatoria do PROGRAMA DE PREMIOS FP IDEA 2010 conforme ás seguintes bases.

2. Obxecto.

2.1 Esta convocatoria ten por obxecto establecer as bases reguladoras da concesión de premios destinados ó alumnado do último curso dos ciclos formativos de formación profesional de grao superior sostidos con fondos públicos, nos centros de formación profesional de Galicia. Pretende potenciar a realización de proxectos empresariais e impulsar o desenvolvemento de novas ideas entre o alumnado.

2.2 Modalidades: FP Idea ten dúas modalidades:

- Modalidade A: Proxecto de empresa
- Modalidade B: Idea innovadora para o desenvolvemento de proxectos nas seguintes áreas:
 - Medio rural e/ou marítimo.
 - Eido ambiental.
 - Tecnoloxías da información e da comunicación (TIC).
 - Contorno industrial.
 - Sector de servizos.
 - Pequeno comercio.

2.3 Premios

Modalidade A: premio aos tres mellores Proxectos de empresa presentados.

- Incorporación aos viveiros de empresas da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Dotación económica de:
 - Primeiro premio: 3.000,00 euros.
 - Segundo premio: 2.000,00 euros.
 - Terceiro premio: 1.000,00 euros.

Modalidade B: premio á mellor Idea innovadora presentada.



- Incorporación aos viveiros de empresas da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Dotación económica de 1.000,00 euros para cada especialidade dentro desta modalidade.

Unha “idea” non poderá ter máis dun recoñecemento. No caso de que unha Idea fose candidata a un premio e xa obtivera outro, pasaría a ser gañadora a seguinte máis valorada.

Estes premios estarán sometidos á lexislación aplicable do IRPF.

2.4 Estes premios serán compatibles con outras axudas, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, galegos, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo da obriga de comunicar ao órgano que concede a súa obtención.

3. Beneficiarios/as

Poderán ser beneficiarios/as desta convocatoria os/as alumnos/as, que cumpran os seguintes requisitos, segundo o requirido no apartado 5 destas bases:

Poderá ser beneficiario/a desta convocatoria e participar en FP Idea o alumnado matriculado no derradeiro curso dun ciclo formativo de formación profesional de grao superior dun centro sostido con fondos públicos de Galicia.

A participación terá que ser en grupo, formado por un mínimo de dúas persoas e un máximo de catro.

As persoas participantes deberán optar pola modalidade A ou B. Non é posible competir nas dúas.

Dentro da modalidade B, poderase participar nunha soa área ou en varias.

4. Financiamento orzamentario

Os premios concedidos de conformidade coas presentes bases serán imputadas ao orzamento do ano 2010 de C.E.E.I. GALICIA, S.A. partida “EMPREENDEDORES” por un importe máximo de 12.000,00 euros.

5. Solicitudes

5.1 Instancia de solicitude e presentación de documentación

A inscrición ou solicitude é imprescindible para a participación en calquera das dúas modalidades, e ten por obxecto recoller a intención formal do grupo de participar.

As persoas participantes deberán presentar xunto coa solicitude de participación e inscrición no concurso os seus traballos.



A solicitude de inscrición estará dispoñible no enderezo:
<http://www.edu.xunta.es/fp/fpplus>

A data de inscrición e presentación dos traballos está aberta dende a publicación destas bases ata o 30 de abril de 2010

No enderezo indicado ofrécense os modelos da documentación que cumprirá presentar sobre os “proxectos” e as “ideas”, así como unhas orientación para formalizar esa documentación.

Logo de comprobado que as persoas solicitantes cumpran os requisitos, a relación de inscricións admitidas publicárase no enderezo <http://www.edu.xunta.es/fp>

6. Instrución e tramitación do procedemento

6.1 Comisión Avaliadora

a) Órgano de instrución

C.E.E.I. GALICIA, S.A Será o órgano instrutor do procedemento, responsable da tramitación do mesmo.

Serán funcións do órgano instrutor:

- Realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe resolver.
- solicitar canta documentación considere precisa para unha mellor valoración e comprobación do proxecto.

b) Para a valoración dos proxectos e ideas presentados constitúese unha comisión de valoración formada por:

A comisión para a avaliación dos proxectos e das ideas estará composta por:

- Un profesor ou unha profesora que formen parte do programa “FP Emprende”.
- Dous representante da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Dous representantes da Consellería de Economía e Industria.

Un dos membros actuará como secretario da comisión e levantará acta de cada sesión que se celebre.

Serán funcións da Comisión avaliadora:

- Avaliar as ideas e proxectos presentados.
- Propoñer a concesión dos premios para o seu outorgamento polo órgano competente de CEEI GALICIA, S.A.

O outorgamento **dos premios** determinarase atendendo aos criterios de valoración sinalados no apartado 6.2 destas bases.



6.2 Criterios de Avaliación

▪ Modalidade A: “Proxectos de empresa”

A comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios á hora de determinar os premios desta modalidade:

- A súa viabilidade técnica e legal.
- A súa viabilidade económica e comercial.
- A súa viabilidade financeira.
- O volume do proxecto: investimento, persoal, etc.
- O seu carácter innovador e a súa materialización na estratexia e nas accións propostas.
- O impacto no seu contorno.
- A capacidade do equipo promotor para levalo adiante.
- A eficiencia na presentación dos contidos.
- A exposición oral sintética presentada (“elevator pitch”).
- O cronograma da posta en marcha.
- Que non teña recoñecido outro premio similar polo mesmo proxecto.

▪ Modalidade B: “Ideas innovadoras”

A comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios á hora de determinar os premios desta modalidade en cada especialidade:

- A idoneidade da elección da especialidade.
- A súa factibilidade.
- O seu carácter innovador.
- A súa creatividade.
- A súa capacidade dinamizadora do contorno.
- A súa responsabilidade social implícita.
- A integración de perfís persoais e profesionais.
- A capacidade de modificación nun proceso de maduración.
- As posibilidades de se converter nun proxecto viable.

6.3 Resolución e entrega

A **resolución** dos premios será inapelable e terá lugar no mes de xuño de 2010. Farase difusión pública do resultado e comunicaráselles directamente ás persoas gañadoras.

A organización resérvase o dereito de declarar desertos un ou varios premios no caso de que os proxectos ou as ideas que se presentaran non reúnan as características necesarias.

Deseguido realizarase a entrega dos premios, que se desenvolverá nun acto público



7. Obrigas dos participantes e beneficiarios

- Coa inscrición acéptanse as bases dos premios.
- A organización poderá difundir as características xerais dos proxectos empresariais e das ideas que se presentaran e, no seu momento, os nomes dos proxectos gañadores e os dos seus equipos promotores.
- A organización comprométense a gardar confidencialidade dos datos achegados.
- Queda garantido o correcto tratamento da documentación achegada e dos datos facilitados, consonte a Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal.

8. Réxime xurídico

As presentes bases rexeranse polo dereito privado, séndolle aplicable a disposición adicional 16 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións; os principios de xestión contidos no artigo 5.2. da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e os de información aos que fai referencia o artigo 16 do mesmo texto legal, así como os artigos do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que desenvolven ditos principios de xestión e publicidade.

9. Disposicións adicionais.

9.1 A presentación de instancia leva implícita a autorización para:

- Facer públicos nos rexistros regulados no Decreto 132/2006, de 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás axudas recibidas.
- De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na administración pública galega, publicarase na páxina web a relación de premiados/as e o importe dos premios concedidos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios/as e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas nas leis.

9.2. De acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, sobre Protección de Datos de Carácter Persoal, infórmase ao/á beneficiario/a que os datos facilitados acorde con estas bases pasarán a formar parte dun ficheiro, automatizado ou non, con Datos de Carácter Persoal, cuxo responsable é a C.E.E.I. GALICIA, S.A, con domicilio en Edificio administrativo San Caetano, s/n - Santiago de Compostela.

O/a beneficiario/a poderá exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, no seu caso, o de oposición, de conformidade co establecido na lexislación vixente, dirixíndose por escrito á Consellería de Educación ao enderezo arriba indicado.